



Prezado colexiado, prezada colexiada:

Por medio da presente carta convócase, dacordo cos estatutos do Colexio de Xeógrafos e do Regulamento de réxime interno, a Asemblea xeral ordinaria da Delegación Galega.

Data: 28 de febreiro de 2014

Lugar: Sala de reunións do IDEGA (Avda. das Ciencias, 1º chalé; Campus Sur, Santiago de Compostela)

Hora: 16:30 h en primeira convocatoria; 17:00 h en segunda convocatoria

Orde do día:

- Aprobación da acta da asemblea anterior. (5')
- Aprobación do estado de contas de 2013. (5')
- Aprobación do orzamento de 2014. (10')
- Actuacións realizadas durante 2013. (10')
- Plan de actuacións para 2014. (10')
- Rogos e preguntas. (10')

A túa presenza é imprescindible de cara a fomentar un colexio moderno, eficiente, comprometido e con visibilidade na sociedade. Estamos nunha nova fase na que a Delegación Galega do Colexio de Xeógrafos aposta por recuperar o seu crédito e utilidade entre os colexiados. Unha Delegación que porá todo o seu empeño no acompañamento ao colexiado a través do asesoramento, da formación, e mesmo da orientación de cara a súa inserción no mercado laboral.

Agardamos a túa presenza na asemblea e no viño que daremos a continuación. Asemade, aproveitamos para saudarche e poñernos ó teu dispor.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2014

Ángeles Piñeiro Antelo

Secretaria da Delegación Galega do Colexio de Xeógrafos